

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 8 DE SETEMBRO DE 2016 DE NÚM. 12/2016.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).
D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. JOSE MANUEL HERMIDA ARIAS (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO)

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA ACCIDENTAL: D^a. M^a CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

ÍNDICE:

1.- Aprobación, se procede, das actas Nº 6/2016 e Nº 8/2016 das sesións ordinarias celebradas os días 26 de maio e 30 de xuño de 2016 respectivamente, e Nº 9/2016 e Nº 11/2016 das sesións extraordinarias celebradas os días 21 de xullo e 29 de agosto de 2016, respectivamente.....	Páx. 3
2.- Decretos de Alcaldía. Dación de conta.....	Páx. 4
3.- Informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao segundo trimestre de 2016. Dación de conta.....	Páx. 20
4.- Aprobación da conta xeral do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondente ao exercicio 2015.....	Páx. 20
5.- Expediente de transferencia de créditos Nº 10-T/2016.....	Páx. 21
6.- Expediente de modificación de créditos Nº 8-P/2016. Crédito extraordinario.....	Páx. 26
7.- Expediente de solicitude de declaración de ENIL da Fraga de Casas Vellas.....	Páx. 31
8.- Moción do PP para que o Concello solicite á Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia a cesión do tramo de 800 metros da antiga variante da estrada PO-2016 ao seu paso pola Goleta.....	Páx. 35
9.- Moción do PP para que o Concello solicite á Asociación Virxe das Dores que inclúa as 4 bandas Lalinenses no programa das Festas de Lalín.....	Páx. 37
10.- Moción do PP para mellorar a protección do noso patrimonio natural.....	Páx. 38
11.- Moción do Sr. Concelleiro non adscrito solicitando axudas económicas para as bandas de música, corais e escolas de música de Lalín.....	Páx. 41
12.- Moción do Sr. Concelleiro non adscrito solicitando axudas económicas para a recuperación e realización da Foliada 2016.....	Páx. 47
13.- Moción por Urgencia do Sr. Concelleiro non adscrito solicitando a súa convocatoria a todos os órganos colexiados, comisións, xuntanzas de portavoces e reunións de traballo dos grupos políticos que se convoquen no Concello de Lalín.....	Páx. 50
14.- Rogos e preguntas.....	Páx. 55

Sendo as dez horas do xoves, **día 8 de setembro de 2016**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora Accidental, *D^a. M^a Carmen Méijome Álvarez*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS Nº 06/2016 E Nº 08/2016, DAS SESIÓNS ORDINARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 26 DE MAIO E 30 DE XUÑO DE 2016 REPECTIVAMENTE, E Nº 09/2016 E Nº 11/2016 DAS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 21 DE XULLO E 29 DE AGOSTO DE 2016, RESPECTIVAMENTE.

Deuse conta pola Presidencia dos borradores das actas Nº 6/2016 e Nº 8/2016 das sesións ordinarias celebradas os días 26 de maio e 30 de xuño de 2016 respectivamente, e Nº 9/2016 e Nº 11/2016 das sesións extraordinarias celebradas os días 21 de xullo e 29 de agosto de 2016, respectivamente. De seguido o *Sr. Presidente* preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que facer ás mesmas.

Por parte do grupo do PP, *D^a Eva M^a Montoto Méndez* manifestou que na acta da sesión ordinaria do día 26 de maio de 2016, non se recollían literalmente as intervencións, tanto dela como as do Sr. Alcalde, e que o resumo non respondía ao que realmente sucedeu e se dixo.

O *Sr. Secretario* indicou que el tiña a obriga de recoller opinións sintetizadas dos grupos como ordenaba o ROF.

O voceiro do PP, *D. Xosé Crespo Iglesias* pediu que se transcribisen literalmente as intervencións e que non se realizasen os borradores das actas que se presentaban á sesión elaborados polo Sr. Secretario da Corporación.

Contestou *D. Nicolás González Casares* indicando que esta fórmula proposta non era legal.

De novo *D^a. Eva Montoto Méndez* pediu que se transcribisen as intervencións, dicindo que non era moito introducir unha ou dúas frases.

O *Sr. Secretario* aceptou esta petición e dixo que ampliaría as intervencións para introducir unha ou dúas frases como solicitaba a edil popular.

Tras expoñer as súas observacións, acordouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobar as actas das sesións N° 8/2016 de 30 de xuño de 2016, e N° 9/2016 de 21 de xullo e N° 11/2016 de 29 de agosto de 2016, ordenándose a súa transcripción ao Libro de Actas, quedando pendente de aprobación a acta N° 6/2016 de data 26 de maio.

2.- DECRETOS DE ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA.

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- INFORMES DE MOROSIDADE DO CONCELLO DE LALÍN E DO PADROADO CULTURAL DE LALÍN CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2016. DACIÓN DE CONTA.

A Presidencia deu conta dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao segundo trimestre do ano 2016 elaborados pola Tesourería Municipal.

De seguido o *Sr. Secretario* procedeu a resumir o contido dos ditos informes referidos ao segundo trimestre do ano 2016 e ao Periodo Medio de Pago.

Seguidamente, ***o Pleno da Corporación:***

Primeiro.- Tomou coñecemento dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao segundo trimestre de 2016, emitidos pola Tesourería Municipal.

Segundo.- En cumprimento da normativa vixente acordou seguir as actuacións e dar publicidade na *web* municipal do informe agregado da relación de facturas, continuando cos trámites previstos no informe de Tesourería.

Terceiro.- O período medio de pago a provedores do Concello de Lalín correspondente ao segundo trimestre de 2016, calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 17 días e segundo a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 13 días.

Cuarto.- O período medio de pago a provedores do Padroado Cultural de Lalín correspondente ao segundo trimestre de 2016 calculado segundo a metodoloxía da Lei de

Morosidade é de 12 días, e segundo a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 18 días.

O Concello Pleno quedou enterado.

4.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE LALÍN E DO PADROADO CULTURAL DE LALÍN CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2015.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 31 de agosto de 2016. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa especial de Contas do día 26 de xullo de 2016.***

A Concelleira Delegada de Facenda, ***D^a. Teresa Varela Fisteus***, interviu para dicir que unha vez que tódolos trámites se completaron cos informes e cos ditames esixidos pola lei, e tras o trámite de información pública pertinente sen que se realizase alegación algunha, levábase ao Pleno o expediente da Conta Xeral do Concello de Lalín e do Padroado Cultural correspondentes ao exercicio económico 2015, para a súa aprobación polo órgano plenario.

Sometido a votación ordinaria o expediente e a proposta da Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo, por maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, **APROBOUSE** o expediente e a proposta da Alcaldía do seguinte tenor:

Transcorrido o prazo de exposición ao público da Conta Xeral do Concello de Lalín correspondente ao exercicio económico de 2015, sen que se presentara reclamación algunha, elévase ao Concello Pleno o expediente completo desta, cos ditames e informes preceptivos, dando cumprimento ao disposto nos artigos 208 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En virtude do anterior o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Aprobar a Conta Xeral do Concello de Lalín correspondente ao exercicio económico 2015, integrada polos estados de contas anuais e as do Padroado Cultural de Lalín.

5.- EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS Nº 10-T/2016.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía, de data 1 de

setembro 2016. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 5 de setembro de 2016.***

Na rolda de voceiros, a edil delegada de facenda, ***D^a Teresa Varela Fisteus***, explicou as obras novas a realizar, esencialmente, tal e como constaban na proposta.

O edil non adscrito, ***D. Juan José Cruz García*** criticou o expediente de turismo, pero valorou positivamente os gastos de dependencia, así como o apoio ao rural coa zahorra.

Polo grupo popular, ***D. Xosé Crespo Iglesias*** non estaba de acordo co feito de que a proposta viñese ao Pleno con cambios sobre o que previamente negociaran co grupo de goberno. Con relación á dependencia afirmou que os 1.600 euros outorgados pola Xunta de Galicia viñan a supoñer 405 horas máis en dependencia, e polo tanto, apoiarían a proposta. Finalmente nos núcleos rurais, sobre a zahorra, sinalou que nunha reunión previa ao Pleno lle dixo o Sr. Alcalde que eran 40.000 euros, pero agora na proposta do Pleno recollíanse 45.000 €.

O *Sr. Alcalde*, ***D. Rafael Cuíña Aparicio***, desculpouse neste intre porque non recordaba exactamente a cantidade da que falaran na reunión previa ao Pleno.

Seguiu a falar o ***Sr. Xosé Crespo Iglesias*** para aclarar que lle daba igual 40.000 que 45.000 euros en zahorra, porque o importante era manter o que se negociaba previamente e así non tería logo que darlle explicacións ao seu propio grupo popular.

O *Sr. Alcalde-Presidente*, ***D. Rafael Cuíña Aparicio***, manifestou que o único que querían era solventar os problemas dos veciños. Iso era o que trababan de facer, ademáis de actuar de boa fe.

Outra vez, ***D. Xosé Crespo Iglesias*** dixo que ante este feito, as próximas negociacións mellor facelas por escrito para el darlle traslado ao seu grupo, porque con relación á zahorra, el transmitiulle ao seu grupo esas cifras de 40.000 euros e non de 45.000 euros que foron a Pleno. Tamén deixou claro que querían propoñer unha lista de pistas nas que se podía empregar a zahorra.

Con relación á partida de promoción turística, reclamou negociacións previas e que o chamasen do grupo de goberno para negociar. A realidade foi que non recibiu chamada algunha, polo que no Pleno votarían en contra.

Neste momento propúxose dende o grupo popular unha emenda para votar separadamente cada medida proposta.

O *Sr. Alcalde*, ***D. Rafael Cuíña Aparicio*** respondeu que dende o grupo de goberno o que querían era solucionarlle os problemas aos veciños e que vía que o tema de turismo non lles interesaba aos membros do PP.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** díxolle que o problema foi non negociar a partida de turismo porque eles, certas medidas dese paquete de turismo, si as apoiaban, pero outras non porque consideraban que eran autobombo e propaganda do goberno.

O *Sr. Alcalde, D. Rafael Cuiña Aparicio* pediu que se lle aclarase onde estaba o autobombo do que falaba. **D. Xosé Crespo Iglesias** respondeulle que no vídeo promocional “Vive Lalín”, por exemplo, porque non consideraba urxente ese tema, e a urxencia era necesaria para a transferencia de crédito.

O *Sr. Alcalde, D. Rafael Cuiña Aparicio* seguiu a defender que non había autobombo na transferencia de crédito da partida de turismo.

Dende o grupo de goberno, **D^a. Teresa Varela Fisteus**, aclarou que era un expediente de transferencia de crédito e que non era necesaria a urxencia. Manifestou que orzamento era un documento vivo, suxeito a cambios e modificacións porque non se podía prever todo o que sucedería cando se elaboraba.

Dende o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** volveu insistir en que había que xustificar a urxente necesidade para o fin da transferencia de crédito dunhas partidas a outras. Pediu novamente que se votase cada partida punto por punto.

Neste momento o *Sr. Secretario* interviu para dicir que o expediente era único e que non se podía dividir e polo tanto, era necesario introducir unha emenda para poder votar cada aplicación presupostaria á que se propoñía transferir crédito separadamente.

Sometida a votación ordinaria a emenda a petición do grupo popular, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: vinte e un (21), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** dos membros da Corporación, aprobouse a emenda.

Sometida a votación ordinaria a proposta coa emenda incorporada, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

1.- Primeira medida da proposta:

Transferencia de crédito á aplicación 432.226.02 “Información e promoción Turística, Publicidade e Propaganda” de 24.112,34 euros.

Votos a favor: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1)

da APAC, e un (1) do BNG.

Votos en contra: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **REXEITOUSE** esta primeira medida da proposta da Alcaldía, quedando pendente de negociación para sucesivos Plenos.

2.- Segunda medida da proposta:

Transferencia de crédito á aplicación 153.1.210.00 “Acceso aos núcleos de poboación, Reparación, mantemento e conservación de infraestruturas” de 45.000,00 euros.

Votos a favor: vinte (21), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** esta segunda medida da proposta da Alcaldía.

3.- Terceira medida da proposta:

Transferencia de crédito á aplicación 231.3.227.99.05 “Asistencia social primaria. Atención a persoas dependentes. Servizo de Axuda no Fogar para Dependentes” de 1.600,00 euros.

Votos a favor: vinte (21), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** esta terceira medida da proposta da Alcaldía.

Tras a votación do expediente coa emenda incorporada, **APROBOUSE** o expediente do seguinte tenor:

Ante a necesidade de acomodar os créditos previstos en determinadas aplicacións orzamentarias coa finalidade de atender os seguintes gastos:

- A adquisición de materiais para a reparación de pistas de acceso a núcleos de poboación, segundo a memoria elaborada ao efecto.
- Dotación da achega municipal necesaria para a prestación do Servizo de Axuda no Fogar para Dependentes como consecuencia da ampliación no número de horas asignadas a este servizo pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, que

supoñen un reforzo de 405 h/mes.

Trátase de gastos que están previstos realizar este ano.

En base a todo o anteriormente exposto, o **Pleno da Corporación ACORDOU**:

Primeiro.- A aprobación de expediente de transferencia de créditos núm. 10-T/2016, nos termos seguintes:

A)- APLICACIÓNS PRESUPOSTARIAS DAS QUE SE PROPÓN TRANSFERIR
CRÉDITO:

Aplicación	Denominación	Importe €
132.121.00	Seguridade e Orde pública Complemento Destino	5.000,00
132.121.01	Seguridade e Orde pública Complemento específico	4.000,00
135.130.00	Protección Civil Laboral fixo. Retribucións básicas	5.000,00
135.160.00	Protección Civil Seguridade Social	18.600,00
153.2.130.00	Pavimentación de vías públicas Laboral fixo. Retribucións básicas	6.000,00
931.130.00	Política económica e fiscal Laboral fixo. Retribucións básicas	8.000,00
	TOTAL BAIXAS	46.600,00 €

B)-APLICACIÓNS PRESUPOSTARIAS QUE SE PROPÓN RECIBAN CRÉDITO:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
153.1.210.00	Acceso aos núcleos de poboación. Reparación, mantemento e conservación de infraestruturas	45.000,00
231.3.227.99.05	Asistencia social primaria. Atenc. persoas depend. Servizo de Axuda no Fogar para Dependentes	1.600,00
	TOTAL ALTAS	46.600,00 €

O importe dos créditos que se pretenden minorar é igual aos dos créditos a incrementar, polo que se conserva o equilibrio presupostario esixido polo artigo art.16.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ao público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

6.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 8-P/2016. CRÉDITO EXTRAORDINARIO.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía, de data 1 de setembro 2016. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 5 de setembro de 2016.***

Na rolda de explicacións, a edil delegada de facenda, ***D^a. Teresa Varela Fisteus*** leu as actuacións a realizar. Estas actuacións podíanse facer polo remanente do ano 2015 que ao final se puido utilizar. Deixou claro que había que aprobalas canto antes porque era necesario imputalas ao orzamento do 2016. Se non se imputasen ao remanente do 2015, habería varios problemas: habería que imputalos ao remanente do ano 2016, non ao do 2015, como se pretendía facer, e o remanente do ano 2016 non se aprobaba ata abril de 2017; doutra banda, indicou que tamén afectaría negativamente á morosidade.

O edil non adscrito, ***D. Juan José Cruz García*** puxo de manifesto que baixo o seu punto de vista, non todos os puntos da proposta tiñan a mesma importancia e que polo tanto, non ía votar favorablemente todos os créditos que se propoñían para transferir.

Polo grupo popular, ***D. Xosé Crespo Iglesias*** afirmou que ía negociar en todo o que fose necesario, e fixo referencia a varias propostas que se fixeron desde o PP e que se ían incluír neste expediente de modificación de créditos. Non obstante tamén puxo de manifesto que outras medidas negociadas co grupo de goberno quedaron pendentes, en concreto sete rúas, pero confiaba en que agora quedasen pendentes e se negociasen, como a de Lirios-Villaflores e se incluísen noutro expediente para traer ao Pleno con cargo a baixas de obras, orzamentos ou diferentes plans que se podían executar.

O *Sr. Alcalde* recoñeceu e agradeceu a negociación.

Seguiu a falar o **Sr. Xosé Crespo Iglesias** que propuxo sentarse a negociar co paquete que quedaba pendente de remanente e defendeu as obras da Pérgola do Pontiñas e do Pazo de Liñares. Dende o seu grupo propuxo que o paquete todo que quedaba de remanentes fose negociado no próximo Pleno para que fose executado neste ano.

Interviu **D. Nicolás González Casares** dicindo que polo procedemento administrativo, ata novembro como moi cedo, non podería entrar en vigor a modificación orzamentaria como propoñía o PP. Criticou que xa pediu telo negociado para este Pleno, pero o grupo popular non quixo.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio** pediu que constase en acta que estaban preocupados cos prazos de execución de todo o que se propoñía, xa que había temas que podían estar levándose a cabo, aínda que agradeceu a negociación do PP.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** interviniu para dicir que o problema do incumprimento dos prazos era a xestión lenta do goberno de Lalín e recriminoulle ao *Sr. Alcalde* que fixese responsable ao grupo popular pola súa falta de prontitude do goberno actual.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, respondeu indignado que estaba mentindo o voceiro do PP porque o remanente de 800.000 euros non se levou antes ao Pleno xustificadamente, e dependía todo do procedemento administrativo e non dos políticos. Pediu que se crease unha Comisión de Investigación sobre o procedemento de contratación e adxudicación da Rolda Leste.

D. Xosé Crespo Iglesias pola contra dixo que o Sr. Alcalde mentiu, que quedaron do seu goberno do PP, 200.000 euros para a Rolda Leste, que xa no mes de febreiro ou marzo lle deron os cartos da Deputación para iso, e que houbo falta de prontitude ao non levalo a cabo desde febreiro.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, pediu que se lle preguntase ao Técnico municipal Pepe Varela, que tivo que facer o proxecto de obras, cando o entregou e os trámites que se fixeron. Díxolle ao voceiro popular que mentía no Pleno, e mentía conscientemente ademais, porque dende o goberno fixeron o que dicían os servizos municipais de Intervención e de Contratación. Propuxo sentarse con estes servizos municipais e que lle explicasen eles ao grupo popular o por que das cousas. Dixo que, se fose responsable, recoñecería a súa culpa no Pleno, pero non era así: fixeron o que lle dixeron os técnicos.

O **Sr. Crespo Iglesias** indicou non ter ningún problema en facer a reunión cos servizos municipais de Intervención e Contratación pero sería mellor celebrar unha Xunta de Portavoces.

O Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, contestoulle que por suposto, e que tras a reunión, tanto dende o PP como dende o grupo de goberno dirían no Pleno se houbo culpa ou

non por parte do goberno actual.

A Presidencia introduciu unha emenda a petición do grupo popular, para votar cada aplicación presupostaria que se propón para a modificación de crédito, separadamente.

Sometida a votación ordinaria a emenda presentada pola Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: vinte e un (21), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** aprobouse a emenda.

Sometida a votación ordinaria a proposta coa emenda incorporada, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Primeiro punto da proposta: Aplicación 1531.619.37 “Acceso a núcleos de poboación: melloras en accesos e pavimentación de Rúas en Núcleos rurais-Lalín” de 425.963,38 euros.

Votos a favor: vinte (20), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e dez (10) do PP.

Votos en contra: ningún

Abstencións: unha (1) do concelleiro non adscrito.

Xa que logo, por maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, **APROBOUSE** o punto 1.

Segundo punto da proposta: Aplicación 153.1.619.40 “Acceso a núcleos de poboación: Colocación de elementos de protección na rúa Lirios-Villaflores” de 10.401,84 euros.

Votos a favor: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG

Votos en contra: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito

Abstencións: ningunha

Xa que logo **REXEITOUSE** o punto 2.

Terceiro punto da proposta: Aplicación 162.3.629.03 “Tratamento de Residuos: Bases contedores composteiros” de 16.361,62 euros.

Votos a favor: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1)

da APAC, e un (1) do BNG

Votos en contra: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito

Abstencións: ningunha

Xa que logo **REXEITOUSE** o punto 3.

Cuarto punto da proposta: Aplicación 171.619.41 “Parques e Xardíns: Recuperación da Pérgola do Paseo Pontiñas” de 11.400,00 euros.

Votos a favor: vinte (20), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e dez (10) do PP.

Votos en contra: un (1) do concelleiro non adscrito.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, **APROBOUSE** o punto 4.

Quinto punto da proposta: Aplicación 171.623.34 “Parques e xardíns: tractor cortacésped reciclador” de 9.560,00 euros.

Votos a favor: once (11), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: dez (10) do PP

Abstencións: ningunha

Xa que logo, por maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, **APROBOUSE** o punto 5.

Sexto punto da proposta: Aplicación 323.632.19 “Funcionamento dos Centros Docentes de Preescolar, Primaria e Educación Especial: Reparación do edificio de Vivendas Xesús Golmar” de 2.843,80 euros.

Votos a favor: vinte (21), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** o punto 6.

Sétimo punto da proposta: Aplicación 333.622.11 “Equipamentos culturais: Aparcamento no Pazo de Liñares” de 59.950,01 euros.

Votos a favor: vinte (20), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e dez (10) do PP.

Votos en contra: un (1) do concelleiro non adscrito.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, **APROBOUSE** o punto 7.

Oitavo punto da proposta: Aplicación 333.632.20 “Equipamentos culturais e museos: Reparación do Auditorio Municipal” de 19.918,57 euros.

Votos a favor: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG

Votos en contra: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito

Abstencións: ningunha

Xa que logo **REXEITOUSE** o punto 8.

Trala votación do expediente coa emenda incorporada, **APROBOUSE** o expediente do seguinte tenor:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 8-P/2016, a financiar con Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2015, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades:

En concreto, trátase de dotar de crédito á correspondente aplicación orzamentaria para a realización de diversas actuacións tales como:

- Accesos e pavimentación de rúas en diversos núcleos rurais, segundo consta na memoria que forma parte de expediente.
- Remate do aparcamento integración paisaxística no entorno do Pazo Liñares.
- Reparación pérgola do Paseo Pontiñas.
- Mercar un tractor cortacésped reciclador para realizar os traballos de forma máis rápida e eficiente no paseo Pontiñas.
- Reparación fachada cuberta do edificio de vivendas Xesús Golmar, necesaria polo estado de deterioro da mesma co perigo de caídas na beirarrúa de anacos de revestimento de morteiro.

Todas son actuacións que urxe acometer para que as infraestruturas e instalación cumpran axeitadamente a súa función. Así como para facer de Lalín un lugar máis accesible para a infancia e as persoas con mobilidade reducida.

En virtude do anterior o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación dos orzamentos, consistente nun Crédito Extraordinario financiado mediante o Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2015, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
1531.619.37	Acceso a núcleos de poboación Melloras accesos e pavimentación de rúas en Núcleos rurais-Lalín	425.963,38 €
171.619.41	Parques e Xardíns Recuperación Pérgola Paseo Pontiñas	11.400,00 €
171.623.34	Parques e Xardíns Tractor cortacésped reciclador	9.560,00 €
323.632.19	Func. Centro docentes e. Pres. Primario e Educ. Esp.2.843,80€ Reparación Edif. Vivendas Xesús Golmar	
333.622.11	Equipamentos Culturais Aparcamiento Pazo Liñares	59.950,01€
TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO		509.717,19 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

Fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2015, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xe-rais) do presuposto de ingresos

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ao público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo, polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do

20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

7.- EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ENIL DA FRAGA DE CASAS VELLAS.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Concelleira Delegada de Medio Ambiente de data 30 de agosto de 2016. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***dítame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, do día 5 de setembro de 2016.***

Na rolda de intervencións, o ***Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio,*** agradeceu o traballo realizado pola concelleira delegada de medio ambiente neste expediente.

Por alusións ***D. Xosé Crespo Iglesias*** discrepaba desta afirmación, sinalando que o traballo estaba mal feito.

Explicou a edil delegada de Medio Ambiente, ***D^a. Celia Alonso Caramés,*** que se trataba de solicitar a declaración de ENIL á Xunta de Galicia. Esta figura era un documento vivo e suxeito a cambios desde que se aprobaba, no que se podían ir incorporando distintos aspectos e vicisitudes, de especies e parcelas, que fosen aparecendo. Para ela era a figura administrativa que mellor defendía un espazo municipal, neste caso concreto, a Fraga de Casas Vellas de Catasós e a súa contorna, ante o perigo do paso dunha gran empresa (Unión Fenosa) por esa zona natural.

O certo era que a día de hoxe Unión Fenosa contaba con todos os permisos e autorizacións para realizar a obra da liña de alta tensión que atravesaba Casas Vellas. De aí a necesidade de protexer esta zona. Este lugar a protexer estaba situado xunto á Fraga de Quiroga, un espazo de máximo interese paisaxístico e medioambiental, que corría o risco de ser arrasado. Reiterou a Concelleira que a mellor medida para protexelo era o ENIL.

Todo o que se levase a cabo neste eido tiña que ser contando cos propietarios e non se lles ía restar dereitos, senón que se ía mellorar a súa situación. Nunca ían perder as propiedades e os usos e costumes íanse manter grazas ao ENIL.

Esa zona xa estaba declarada provisionalmente pola Xunta de Galicia como Zona de Especial Interese Paisaxístico, de tal xeito que os donos dos terreos tiñan xa limitacións e tiñan que obter permisos para cortar e podar. A edil delegada de Medio Ambiente dixo que ía seguir reuníndose cos propietarios e na proposta do Pleno xa vían que existía un documento que seguía a manter as súas propiedades.

O concelleiro no adscrito, ***D. Juan José Cruz García*** criticou as actitudes doutros órganos do Concello porque consideraba que había desinformación e tamén ao Sr. Alcalde porque na Comisión Informativa impediu que a edil delegada de Medio Ambiente informase ao

Concelleiro non adscrito, que admitiu a súa incompetencia neste tema.

Preguntou de novo o mesmo que nas Comisións Informativas: *¿Cada canto tempo habería que efectuar asignacións ao Plan de Conservación? ¿Cales son as consecuencias do incumprimento do Plan de Conservación?. ¿Cales eran os obxectivos agora de Unión Fenosa? ¿Como se está a falar de carballos, cando hai carballos en mal estado no Pazo de Liñares que son propiedade municipal?*

Pediulle que se mirase tamén por esas árbores, e non só polas do ENIL.

Desde a Presidencia, o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, pediulle ao edil non adscrito **D. Juan José Cruz García**, que se limitase ao tema do punto da orde do día, e que non entorpecera os Plenos porque non o quería expulsar. Indicoulle que na quenda de Rogos e Preguntas podería formular esas cuestións.

De novo **D. Juan José Cruz García** preguntou cal ía ser o tipo de propiedade e se ían poder facerse os mesmos usos dela.

Contestou **D^a. Celia Alonso Caramés**, afirmando que seguían puntualmente o Decreto da Xunta de Galicia en canto aos requisitos do ENIL. Respondeu á pregunta do edil non adscrito dicindo que se non se cumpría o Plan de Conservación en dous anos anulábase o ENIL pola Xunta. Os usos dos propietarios ían ser iguais e incluso poderían vender. O que se pretendía era que non se abandonase a zona.

Na rolda do PP, **D. José Antonio Rodríguez Fernández** recoñeceu que era un traballo complicado a tramitación e a elaboración deste expediente. Non obstante realizou unha serie de críticas. Consideraba que o que se trouxo á sesión era un expediente de mínimos, con graves desacordos entre as partes implicadas e cun custo alto, que incumpría o artigo 3 do Decreto 124/2005, de 6 de maio.

Indicou que había hoxe cinco ENIL declarados en Galicia: un en Pontevedra, no río Gafos, outro no ecosistema das dunas de Praia América, outro en Maside, e outros nas beiras de Paradela en Lugo.

O de Casas Vellas era distinto a todos eles, porque comprendía propiedades privadas. Por isto non era oportuno seguir o procedemento dos anteriores, que non tiñan terreos privados. Propuxo buscar outras figuras e outro tipo de protección porque tiña dúbidas ao existir propiedades privadas. Por exemplo, gustaríalle saber se no informe poñía que unha especie de flor é vulnerable e vive no lugar: *¿Un gandeiro pode levar as ovellas a esa finca correndo risco que a ovella coma a flor vulnerable?*

D^a Celia Alonso Caramés, dixo que si que poderían pastorear, como ata agora. Desbrozar tamén se podería realizar; e recolectar, igual, coma sempre, mesmo realizar movemento de terras.

D. José Antonio Rodríguez Fernández consideraba que ao haber propietarios había que aclarar canto antes os dereitos dos mesmos, aclarar a situación e disipar dúbidas polo condicionante das propiedades privadas. No río Gafos de Pontevedra pasou algo similar porque non podían pasar as bicicletas.

Seguiu a falar **D. José Antonio Rodríguez Fernández**, dixo que había un ano e medio, cando estaba o goberno popular fixeran unha memoria elaborada polo catedrático, *Sr. Guitián*, profesor da USC. A actual concelleira delegada naquel momento criticara ao goberno popular polo gasto que se fixo nesa memoria por importe de 2.800 €. Criticárase ese custo dicindo que non debía acudirse a medios alleos senón a medios propios do Concello.

Co actual goberno, un biólogo de Lalín chegou incluso a ofrecerse ao Concello para a elaboración do ENIL, pero a Concelleira delegada a pesar do que criticou, encargoulle a memoria á bióloga, *Sr.ª Carmen Casalderrey Piñeiro*, sen acordo coa oposición. Unha bióloga que cobrou 10.800 € e que era vogal na executiva do PSOE.

Había desacordos entre as partes afectadas. Fíxose sen consentimento dos propietarios dos terreos. O traballo a realizar era para protexer o entorno, o lugar e o medio ambiente, pero entendía que tamén tiña que protexer o patrimonio dos veciños.

A modo de proposta, propuxo ao Pleno agardar un tempo prudencial para que se convocase unha reunión cos veciños e se falase dos usos dos terreos.

Desde o goberno municipal, **D.ª Celia Alonso Caramés**, indicou en primeiro lugar que a proposta e o expediente cumprían estritamente o disposto no Decreto da Xunta de Galicia que regulaba o ENIL e que non era un documento de mínimos.

Sobre a elaboración do mesmo, admitiu que ela estivo tempo esperando que algún biólogo de Lalín se presentase e asumira o encargo, pero non puido ser, e ademais o documento que deixou feito o profesor da USC non era un documento para a memoria do ENIL senón un estudo básico.

En canto aos medios do Concello, sinalou que aínda que inicialmente se pensou que era factible, na práctica o técnico municipal de medio ambiente non podía facelo, porque non podía facer desprazamentos. Polo tanto, recorreuse á bióloga, que a pesar que tiña carnet do PSOE, era boa profesional.

Preguntou **D. Xosé Crespo Iglesias** se Martiño Nercellas non lle mandara un estudo grauíto.

A concelleira, **D.ª Celia Alonso Caramés**, respondeu que non, e que acudiu a esta bióloga porque os ENIL anteriores fíxoos ela mesma, e seleccionouna por isto, pola súa profesionalidade. Era unha garantía de que o traballo estaría ben feito e con maior prontitude. Doutra banda cos propietarios dos terreos manifestou que xa tivo reunións pero o consentimento dos veciños non tiña que estar na documentación porque non o esixía o Decreto da Xunta de Galicia.

Houbo un debate de seguido sobre estes aspectos de anteriores ENIL.

Para aclaracións o *Sr. Secretario* entrevistou para dicir que o artigo 4 da Lei da Conservación da Natureza contemplaba que a elaboración do Plan de Conservación correspondía á Xunta de Galicia, con audiencia aos interesados e con información pública; pero destacou que a última palabra tiña a Xunta de Galicia.

De novo dende o PP, **D. José Antonio Rodríguez Fernández** pediu que se convocase unha reunión para que o escrito e a documentación aportada dixese o que poden facer os donos no futuro nas súas propiedades afectadas. A súa proposta era deixar o expediente enriba da mesa e que se convocase unha reunión. De non ser así, senón se aceptaba esta proposta pola Concelleira delegada, o seu voto e o do seu grupo sería en contra.

De novo o edil non adscrito **D. Juan José Cruz García** insistiu en que xa na Comisión Informativa se falou deste tema e de que había un erro no expediente baixo o seu punto de vista porque o Plan de conservación non estaba completo e non había asignacións municipais para elo. Preguntou: *¿cales van ser as achegas do concello e das outras administracións a este Plan de Conservación?*

Contestou a Concelleira delegada **D^a. Celia Alonso Caramés**, indicando que o Plan de Conservación había dous anos para facelo e a estimación do custo era obrigatorio. Coidaba que si podía constar a valoración ou unhas porcentaxes do que poñería cada Administración no documento. Dixo en canto ás reunións que lle propuxeron dende o grupo popular, que está disposta a facer reunións coa oposición, cos técnicos e cos veciños.

Por alusións **D. Xosé Crespo Iglesias e D. Juan José Cruz García** dixeron que a eles nunca os invitaran a reunións.

De novo dende o PP, **D. José Antonio Rodríguez Fernández** pediu que se convocase unha reunión e que se retratase a proposta.

Finalmente **D^a. Celia Alonso Caramés**, dixo que eles seguían adiante co expediente e coa proposta e que non aceptaba a emenda do PP. As reunións que puidera haber non debían xustificar un atraso na tramitación deste expediente.

Na proposta pedíase:

PRIMEIRO.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente a declaración de Espazo Natural de Interese Local da FRAGA DE CASAS VELLAS, sita na parroquia de Catasós, no Concello de Lalín.

SEGUNDO.- Adoptar o compromiso formal por parte do Concello de Lalín de poñer en práctica as medidas precisas para a conservación dos valores naturais que motivan a declaración de Espazo Natural de Interese Local da FRAGA DE CASAS VELLAS, así como a elaborar o correspondente Plan de conservación e de uso público destes espazos, como se esixe legalmente.

TERCEIRO.- Dar traslado á Consellería de Medio Ambiente da adopción do presente acordo e da documentación perceptiva indicada no artigo 3.3 do Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura do espazo natural de interese local e a figura do espazo privado de interese natural, aos efectos de dar trámite á solicitude de declaración de Espazo Natural de Interese Local da FRAGA DE CASAS VELLAS pola Xunta de Galicia.

Sometido a votación ordinaria o expediente e a proposta da Concelleira de Medio Ambiente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

Votos en contra: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.
Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **REXEITOUSE** a proposta de Declaración de ENIL.

8.- MOCIÓN DO PP PARA QUE O CONCELLO SOLICITE Á CONSELLERÍA DE INFRAESTRUCTURAS E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA A CESIÓN DO TRAMO DE 800 METROS DA ANTIGA VARIANTE DA ESTRADA PO-2016 AO SEU PASO POLA GOLETA.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 12 de xullo de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o día 16 de agosto de 2016 co número 6769. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, do día 5 de setembro de 2016.***

Desde o grupo popular, ***D. Antonio Rodríguez Rodríguez*** explicou un pouco a historia desta estrada, sendo unha vía que inicialmente pertencía á Deputación Provincial e logo pasou á Xunta de Galicia. Había un tramo que quedou fóra da estrada oficial e que se atopaba en importante grao de deterioro. Para solucionar isto e pola importancia desta vía para os veciños da Goleta, propoñía que pasase ao Concello a mesma. Leu a parte dispositiva da moción resaltando que era importante que o Concello se fixera cargo deste tramo da estrada.

Desde o grupo de goberno ***D. Nicolás González Casares*** vía interesante a moción e diversos aspectos da mesma, destacando que era importante que esa vía, polo servizo que prestaba aos veciños, fose de titularidade municipal.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo olugar o seguinte resultado:

Votos a favor: vinte (20), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, dous (2) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG e dez (10) do PP,

Votos en contra: ningún.

Abstencións: unha, de *D^a Celia Alonso Caramés*, que non estaba no intre da votación e por imperativo do ROF.,

Xa que logo por **MAIORÍA** dos asistentes **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:.,

A estrada que une Lalín con Vila de Cruces fai anos que foi asumida pola Xunta de Galicia coma un dos eixos vertebradores do norte da provincia de Pontevedra.

Á altura do lugar da Goleta, a PO-206 dispón de dúas variantes: A antiga estrada provincial que pasa entre as casas e que ao estar habilitado o outro tramo converteuse nun vial interior e o tramo máis moderno que ostenta a preferencia na circulación que bordea A Goleta.

Nese lugar, a variante da antiga estrada provincial é un tramo “urbano” cunha lonxitude de 800 metros que dispón de beirarrúas a ámbolos lados ata o cruce coa vía EP-6007 que vai a Galegos, Camposancos e Cercio.

A Xunta de Galicia é a vixente titular deste tramo “urbano” que quedou para a circulación interna da parroquia e como enlace cara a outra vía de carácter provincial, a pesar de que recentemente foi acondicionado polos operarios municipais. Este feito provoca que calquera actuación por parte dos veciños do lugar obrígalles a dirixirse inescusablemente á Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia para a súa tramitación, coas conseguintes demoras, atrancos e molestias ao ter que tramitar ante a Consellería todas as peticións.

Xa que logo, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

1.- Solicitar da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia a cesión da variante antiga da PO-206 ao Concello de Lalín.

2.- Unha vez formalizada a cesión por parte da Xunta de Galicia, que o Concello de Lalín asuma a súa titularidade e conservación e se inclúa no Inventario de Bens Patrimoniais desta entidade municipal.

9.- MOCIÓN DO PP PARA QUE O CONCELLO SOLICITE Á ASOCIACIÓN VIRXE DAS DORES QUE INCLÚA AS 4 BANDAS LALINENSES NO PROGRAMA DAS FESTAS DE LALÍN .

A Presidencia deu conta da presente moción, presentada no rexistro de entrada municipal o día 4 de agosto de 2016 co número 6557. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, do día 5 de setembro de 2016.***

Explicou a edil do grupo popular, ***Dª María José Senande Méijome***, o contido da moción, dando lectura á mesma, tanto na súa exposición, como na parte dispositiva da mesma. A maiores, propuxo a modo de emenda, o seguinte:

“A partires de agora cada ano esixirase ás asociacións que organicen as festas patronais que contraten a todas as Bandas e agrupacións municipais de música, sempre que estean interesadas”.

Pola súa parte a ***D. Juan José Cruz García*** parecíalle correcta a moción, non obstante consideraba que podían facerse matices. Asegurou que sempre daría o seu voto en temas de Bandas. Votaría si á moción, pero pediulle ao goberno que valorase a posibilidade de que tamén estivese nas festas de Lalín a “Charanga Ardores” e que puidesen recibir subvencións outras entidades como esta “Charanga Ardores”.

O *Sr. Secretario* entrevistou para dicir que os cambios da moción debían facerse por emenda.

Desde o grupo de goberno o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** preocupouse polo feito de que se presentase unha moción así, e reiterou o apoio do goberno municipal ás Bandas de música de Lalín, algo que xa declararon e que mantiñan como condición para seguir mantendo a colaboración coa Asociación cultural da Virxe das Dores.

Desde o grupo popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que a moción era do seu grupo que estaba verde e que polo tanto, agora retirábaa da sesión.

Xa que logo, a Presidencia a instancia do grupo propoñente **RETIROU** a moción.

10.- MOCIÓN DO PP PARA MELLORAR A PROTECCIÓN DO NOSO PATRIMONIO NATURAL.

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 28 de agosto de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o día 1 de setembro de 2016 co número 7157. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, do día 5 de setembro de 2016.***

Desde o grupo popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** destacou que a moción se presentou porque o edil delegado do rural, o Sr. **Miguel Ángel Medela Dobarro** non fixo os seus deberes no seu traballo porque este ano non había convenio de extinción de incendios coa Xunta de Galicia, e só se asinou un para as motobombas. Cando houbo un incendio en Goiás, dixo que se deu conta que non había ningunha brigada contratada polo Concello de Lalín.

Relatou no Pleno, que nun encontro co edil **D. Miguel Ángel Medela Dobarro**, lle fixo referencia á necesidade de que o Concello contase cunha brigada de incendios, polo menos unha, pola importante masa forestal existente en Lalín. O voceiro popular dixo que **D. Miguel Ángel Medela Dobarro** lle indicou nesa conversa que xa se pactara isto coa Demarcación de Incendios.

Como non quedou convencido, o voceiro popular continuou contando que chamou ao Xefe do Distrito para recriminarlle o feito de que se pactase que non houbera brigada en Lalín; ao o que o Xefe da Brigada lle respondeu que iso era falso e que foi o goberno o que decidiu coller a motobomba e non a brigada, polo que non houbo negociación algunha co Distrito.

Con esta moción pretendíase, pois, aclarar cal era a verdade sobre o tema e que se desen explicacións sobre o mesmo por parte do Concelleiro.

Leu de seguido a parte dispositiva da moción.

O edil non adscrito, **D. Juan José Cruz García** tomou a palabra para dicir que era partidario de contar coa brigada por varias razóns: unha delas era que a proximidade deste grupo aos posibles lumes era importante, polo tempo de reacción. Lembrou que el traballou tamén hai tempo neste eido, nas brigadas, e sabía do que falaba. Era importante, pola reacción rápida, contar con ela, e ademais por outras razóns, entre elas, porque eran doce postos de traballo máis.

Desde o grupo de goberno, **D. Miguel Ángel Medela Dobarro**, defendeuse dicindo que o Xefe do Distrito lle afirmou que non quería formar parte da guerra política e que xa lle chamaran a atención desde a Xunta.

Dixo o edil delegado do medio rural que na Xunta de Galicia había dez brigadas na Comarca de Lalín, e a brigada de Lalín o ano pasado só fixo dúas actuacións no Concello, mentres que as demais as fixo en Agolada ou Rodeiro. Por iso non consideraba necesario ter brigada no Concello. Ademais defendeu que aínda que en Goiás non foi a brigada, o Concello prestou medios coa motobomba. O único incendio ao que non se prestou colaboración foi en Vilatuxe, onde o apagaron os veciños, debido a que a motobomba estaba actuando nun lume en Rodeiro, e a única motobomba que había cerca era a da Estrada. Polo tanto, defendeu a necesidade da motobomba e non da brigada no Concello de Lalín. Aportou datos: no ano 2016 prestouse servizo en 22 incendios, once deles no Concello de Lalín e o resto noutros Concellos. Consideraba o edil delegado que a brigada fixo máis servizo noutros Concellos que no propio, e que polo tanto, non estaba desprotexido o noso monte pola falta de brigada. Ademais o traballo de extinción era necesario, pero máis básico e necesario era o traballo de prevención como os que se estaban a levar a cabo en Vilatuxe.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** volveu pedir a explicación de por que non se contratou a brigada e dixo que quería que o explicase nunha comparecencia no seguinte Pleno porque indicou que era certo que as brigadas de Lalín traballaban noutros lugares como A Estrada e a Agolada pero ao mesmo tempo, as brigadas doutros Concellos tamén viñan aquí a apagar o lume, Isto chámase coordinación e forma todo parte dun mesmo dispositivo que coordina a Xunta. Consideraba que non querían ter unha brigada por non actuar coordinados coa Xunta.

Desde Alcaldía, **D. Rafael Cuíña Aparicio** dixo que o goberno este ano preferiu contar con motobombas, non con brigadas. O PP non podía dar leccións a ninguén en materia de lume porque había menos brigadas, recortes. Como político tiña que dicir que a práctica política do actual goberno da Xunta de Galicia era de terrorismo medioambiental polo que o PP non podía dar leccións neste eido.

O edil popular, **D. Antonio Rodríguez Rodríguez**, indicou que unha señora dirixiuse ao Sr. Alcalde cando foi o lume no lugar de Navallo, parroquia de Vilanova, e o Sr. Alcalde respondeulle que era cuestión da Xunta e Galicia.

O **Sr. Alcalde**, manifestou que non eran certas esas afirmacións do dito edil da oposición, nin foron así os feitos.

Desde o grupo de goberno, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** puxo de manifesto que a cuestión a debater era sobre unha competencia impropia, sobre unhas funcións que non correspondían aos Concellos.

Houbo de seguido un debate entre os anteriores intervinientes, e ao final votouse a moción por separado, nas súas dúas partes.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

PUNTO 1.- Que se habiliten partidas orzamentarias específicas para o ano 2017 que permitan a contratación en tempo e forma do persoal necesario para:

- a) As tarefas de prevención e limpeza nos montes e, nomeadamente, nos predios rurais situados en solo de núcleo rural, ao ser o mantemento e extinción nestas zonas competencia directa municipal.
- b) A creación dunha brigada contra incendios para protexer o noso patrimonio natural.

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, **APROBOUSE** o punto primeiro da moción.

PUNTO 2.- Aprobar a comparecencia do concelleiro *Miguel Medela Dobarro*, para que explique as actuacións que se levaron a cabo por parte do Concello nos lumes forestais que tiveron lugar no termo municipal de Lalín e que explique as negociacións que mantivo para afrontar a campaña de verán no eido da loita contra incendios.

Votos a favor: vinte e un (21) sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** o segundo punto da moción.

Como resultado da votación **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

O Concello de Lalín sempre contou cunha brigada contra incendios na época estival para tentar manter en niveis mínimos os danos que todos os veráns causan os incendios forestais no noso patrimonio natural. Trátase dun problema estrutural en toda Galicia, pero que afecta especialmente á nosa comarca por tratarse dunha zona cun extenso e importante patrimonio natural e paisaxístico.

Este ano, por primeira vez o Concello de Lalín non dispuxo nin dispón dunha brigada contra incendios que protexa os nosos montes, a pesares de que a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia ten habilitada unha liña de achegas específicas para tal fin, pola que se subvencionan con 23.000 € as brigadas de 4 persoas ou de 27.000 € as brigadas de 5 persoas. Esta liña de axudas que foi ignorada, nun comportamento político gravemente

irresponsable, pero ao seu abeiro poderíase ter cuberto o custo total da brigada. A falla da devandita contratación demostra o nulo interese do grupo de goberno polo noso medio rural, polo noso patrimonio natural e pola calidade de vida dos veciños do rural.

Esta situación de risco viuse agravada polo lamentable estado de abandono das cunetas das vías provinciais, que están cheas de maleza, e de moitas pistas municipais polo atraso na limpeza no ano 2016.

O grupo de goberno só ofertou a contratación de dous condutores de motobomba, o cal resulta a todas luces insuficiente para garantir un servizo de protección eficaz, eficiente e áxil dos nosos montes e do noso medio rural. Máxime cando as competencias na extinción dos lumes nas casas do rural e a extinción e mantemento nos predios encadrados en solo de núcleo rural, e por tanto nas zonas máis próximas ás vivendas, son municipais. Ademais, cómpre salientar que a creación de dita brigada tamén significaría unha axuda na loita contra o desemprego no Concello de Lalín.

Outros concellos do norte da provincia como A Estrada, Forcarei ou Agolada asinaron os convenios para poder beneficiarse desta liña de subvencións e loitar contra a lacra que supón cada verán a praga dos incendios forestais.

Por todo o antedito, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

1.- Que se habiliten partidas orzamentarias específicas para o ano 2017 que permitan a contratación en tempo e forma do persoal necesario para:

- c) As tarefas de prevención e limpeza nos montes e, nomeadamente, nos predios rurais situados en solo de núcleo rural, ao ser o mantemento e extinción nestas zonas competencia directa municipal.
- d) A creación dunha brigada contra incendios para protexer o noso patrimonio natural.

2.- Aprobar a comparecencia do concelleiro *Miguel Medela Dobarro*, para que explique as actuacións que se levaron a cabo por parte do Concello nos lumes forestais que tiveron lugar no termo municipal de Lalín e que explique as negociacións que mantivo para afrontar a campaña de verán no eido da loita contra incendios.

11.- MOCIÓN DO SR. CONCELEIRO NON ADSCRITO SOLICITANDO AXUDAS ECONÓMICAS PARA AS BANDAS DE MÚSICA, CORAIS E ESCOLAS DE MÚSICA DE LALÍN.

A Presidencia deu conta da presente moción, presentada no rexistro de entrada municipal o día 6 de agosto de 2016 co número 6604. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, do día 5 de setembro de 2016.***

Defendeu a moción o edil non adscrito, ***D. Juan José Cruz García*** dicindo encontrarse moi contento e totalmente de acordo co Informe de Intervención dos técnicos do Concello, que

el entendía favorable ao que solicitaba na moción: axudas económicas para as bandas de música, corais e escolas de música; polo que consideraba que o único que había que xustificar de aquí para adiante era a urxencia ou non urxencia das necesidades das Bandas.

Procedeu primeiro a explicar a moción, porque dixo que probablemente el estaba en política por defender a Banda de Muimenta, e despois por poucas cousas máis. Nalgún momento retiróuselle unha partida que había, xustificando que non había cartos, o que lle criticou ao goberno do PP. Unha vez que o novo goberno chegou a este Concello dixo que parecía que había moitos máis cartos dos que había.

Resultaba inverosímil e deplorable que non se puidesen ter en conta 150 anos de historia dunha banda Popular de Muimenta, que non se tivese en conta o traballo dun grupo de xente en Vilatuxe ou que non se tivese en conta que a de Lalín foi a primeira banda que representou a Lalín por aí adiante e chegar a ter cotas que para alcanzalas tiñan que pasar 30 anos desde que Buñol as fixera no 1984 ou nesas datas, Recordou no Pleno que a dirección da Banda de Lalín tiña un problema gravísimo.

D. Nicolás González Casares pediulle que se centrase en defender a moción.

De novo **D. Juan José Cruz García** amosou a súa vontade de diálogo, reclamando respecto no Pleno para á súa persoa.

D. Nicolás González Casares contestou que xamais o insultou e indicoulle que falase da moción.

Continuando coa defensa da moción, **D. Juan José Cruz García** referiuse a que o interese público que xustificaba a mesma, eran os 150 anos de tradición das Bandas o que para el era Historia da Música de Galicia; e indicou que por elas pasou xente coma José Luís Represas Carrera, Director da Banda da Coruña, entre outros, e existindo un traballo inmenso que non se estaba respectando ata o punto de que a xente e os propios funcionarios e traballadores tiñan problemas para cobrar as súas retribucións.

Criticou a concepción anterior do Padroado, que para el probablemente estaba mal, porque baixo o seu punto de vista non se podía cobrar por esas cousas, referíndose, así o dixo, sobre todo ao PP. Manifestou que había xente que tiña problemas para pagar, e puxo de exemplo a Asociación da Banda de Lalín, que estaba pasando por problemas económicos acuciantes.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**, consideraba que as Bandas, altruistamente estaban facendo un traballo grandísimo, e moitas veces non tiñan cartos para chegar a fin de mes nin para pagar aos seus directores. Resinou que o interese público eran esas actividades nas que colaboraban desinteresadamente.

Referiuse a que o Concello tiña un remanente líquido de Tesourería importante. Non había problema algún en aprobar a moción e á vista do informe favorable de Intervención, xa non vía problema para debater se era posible ou non era posible dentro da lei que o remanente puidese destinarse a isto.

Explicou que non se reparaba en gastos noutros termos importantes, como por exemplo a Carpa de Mahou: 20.000 euros ou o Concerto de Sés: 30.000 euros, non entendía que o señor Alcalde e o resto de Concelleiros de Goberno e da oposición, si os puxesen para beneficiar a este colectivo tan importante.

O proposto na moción era extremadamente urxente e en canto aos requisitos técnicos, consideraba que non había impedimento de calado que impedise prosperar esta moción. Preguntoulle ao Señor Alcalde se non cría que estaba suficientemente acreditado, pola súa parte para aprobar esta moción, o inconveniente da urxencia.

Explicou que no Plan Estratéxico de Subvencións non se contemplou incluír as subvencións ás que facía referencia esta moción, pero iso tampouco era un impedimento para o Concelleiro non adscrito porque dixo que o propio Alcalde no Acordo adoptado na Xunta de Goberno Local no 27 de xuño de 2016, no que se aprobou o Plan Estratéxico, recoñeceu que xa fóra deste Plan que se aprobou con moito atraso, as asociacións ou entidades recibiran subvencións. Dito acordo non era unha figura inamovible, senón que podía ser modificado en base ás necesidades e circunstancias que así o fixesen conveniente. E no artigo 11 do citado Plan, recollíase expresamente que este podía ser revisado e modificado de xeito xustificado ao obxecto de modificar ou utilizar as liñas de subvencións, modificar os importes previstos, incluír novas liñas de actuación non previstas. Preguntouse o Concelleiro: *¿por que a uns si e a outros non? ¿Acaso estes colectivos non merecían o apoio do Concello?* Preguntoulle ao Señor Alcalde se ía obstaculizar a modificación deste Plan Estratéxico de Subvencións, que el e os membros da súa Xunta de Goberno Local aprobaran en xuño. Pediu que se lle conceda unha segunda quenda de palabra.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, explicoulle o procedemento de defensa das mocións.

Por parte do PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que cando el foi alcalde nos anteriores gobernos si que lle deron cartos ás Bandas de Música de Lalín, ao mellor non todo o que quixeran, porque había que facelo dentro das dispoñibilidades que tiñan daquela. Ademais coidaba que o conxunto de Bandas de música e agrupacións musicais de Lalín constituían un verdadeiro patrimonio inmaterial que había que coidar, protexer e fomentar. Lalín era pioneiro na promoción das bandas de música. Lembrou as obras de construción do Auditorio de Vilatuxe e do Auditorio de Muimenta. Dende o seu grupo estaban de acordo coa moción.

Polo grupo de goberno, a edil delegada de cultura, **Dª Lara Rodríguez Peña**, dixo que todo o debate era moi lamentable. Temas que era importante tratar, non se abordaron. Lembrou que o edil propoñente da moción durante un ano de goberno non aportara nin presentara ningunha iniciativa ao proxecto, e agora viña ao Pleno con esta moción.

Fixo referencia ao informe de Intervención que precisaba que había que xustificar o carácter extraordinario e urxente deste investimento para poder empregar o remanente de tesourería; doutra banda había que aprobar unha modificación do Plan Estratéxico. A subvención directa suporía a modificación do Plan estratéxico. Non estaba xustificado e non era posible agora porque baixo o seu punto de vista, non había tempo nin se podía xustificar. Recriminoulle ao edil non adscrito que había que ter un mínimo coñecemento administrativo do que se podía e do que non se podía realizar.

Interviu o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicando que quería que o debate tivese o máximo de transparencia e pasoulle a palabra á Interventora para que explicase o

informe de Intervención. O Sr. Alcalde fixo referencia ao que o Secretario lle comunicou, que aprobar unha moción nestes termos, cun informe contrario de Intervención, daba como consecuencia a nulidade administrativa, é dicir, non había que cumprir o apoio do Pleno, e tamén tiña consecuencias penais.

Por alusións o *Sr. Secretario* contestou dicindo que el se referiu a consecuencias administrativas por ser un acto ilícito. Dixo que podía ser nulo de pleno dereito.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio** preguntoulle: *¿E non me dixo penais tamén? ¿Non me dixo que podía ter consecuencias penais?*

Pediú desculpas ao Sr. Secretario polo ton e defendendo que el non mentía, que a conversa foi no seu despacho ademais. Dixo que era nulo de pleno dereito e que era un acto ilícito, e que ademais o señor Secretario lle dixo que podía ter consecuencias penais. Así o referendaba para que constase en acta.

Preguntaron desde o banco popular se estaba dubidando do Señor Secretario. Preguntaban se lle estaba chamando mentireiro ao Señor Secretario.

Interviu o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, contestando que directamente si nese punto si, porque llo dixo claramente.

Por alusións o *Sr. Secretario* preguntoulle ao Alcalde: *¿Estame chamando mentireiro?* Afirmou que non dixo nada do que dicía o Sr. Alcalde, e que o acto, no caso de aprobarse, sería un acto nulo de pleno dereito, porque facía falta tramitar un expediente de crédito extraordinario e modificar o Plan Estratégico de Subvencións e que ao mellor podería ter outras consecuencias. Pero non dixo que tería consecuencias penais.

O Sr. Alcalde **D. Rafael Cuiña Aparicio**, preguntou: *Outras consecuencias?* Dixo que con esa explicación íase chegando máis á verdade e á realidade do que se falou co Sr. Secretario.

De seguido, tiña a palabra *D^a. María Carmen Méjome Álvarez*, Interventora, accidental que falou para explicar o que se dicía no seu informe, de xustificar e explicar o expediente de crédito extraordinario, previo á aprobación da moción, e do Plan estratéxico, que na súa parte de conclusións dicía:

1º.- En todo caso, a concesión de subvencións nominativas para as Bandas de Música, Corais e Escolas de Música, non previstas neste momento no Orzamento municipal vixente, require expediente no que se acredite o interese ou utilidade pública que se pretende conseguir co financiamento da actividade subvencionada mediante o procedemento de concesión directa destas axudas.

2º.- Á vista do citado expediente, a dotación das correspondentes aplicacións presupostarias ao Orzamento do exercicio 2016 para a concesión destas subvencións nominativas requiriría a tramitación de Expediente de modificación de créditos na modalidade de Crédito Extraordinario e modificación das Bases de Execución do Orzamento Vixente. Non obstante, para a incoación do citado expediente de Crédito Extraordinario deberase

acreditar a urxente e inaprazable necesidade de realizar o gasto, que non podería demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, circunstancia que non se acredita na moción do Señor Concelleiro. Polo contrario, dos antecedentes expostos parece deducirse que non se daría esta circunstancia, senón que o que se propón é o establecemento dunha nova liña de subvencións ao mantemento dos gastos correntes de funcionamento das entidades beneficiarias das axudas propostas, posto que en ningún momento se fai referencia á necesidade de realizar o gasto concreto e determinado con cargo ao exercicio en curso, sen posibilidade de demora ata o exercicio seguinte.

3º.- Para o caso de que se completara o expediente coa acreditación dos requisitos establecidos nos apartados anteriores e se incoara o expediente de Crédito Extraordinario e modificación das Bases de Execución do Exercicio en curso, poderíase financiar mediante o Remanente Líquido de Tesouraría ou mediante a anulación ou baixa de crédito doutras partidas non comprometidas, sempre e cando co incremento dos gastos non se poña en risco a sostenibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal, conforme aos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Na segunda quenda de palabra, entreviú novamente o Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**, para continuar coa súa exposición no punto onde a deixara.

Preguntou se o informe de Intervención recoñecía claramente que esta moción se podería financiar mediante remanente líquido de Tesouraría e incluso con outras, ía ser o Alcalde quen contradixese ese informe.

Así mesmo preguntou se algún dos Concelleiros presentes ou incluso o señor Alcalde, ían negar que estes colectivos de Bandas, Corais e Escolas de Música, beneficiarios desta Moción, eran colectivos que colaboraban disciplinariamente e de forma desinteresada coa vida lúdica do Concello de Lalín.

Recordoulle á Concelleira de APAC, que o discurso político era este: ou 30.000 euros para concertos en inverno nunha Praza da Igrexa onde non se acreditaba ningunha repercusión económica, ou intentar traballar por persoas deste Concello. Pidiu que os técnicos se puxesen a traballar en todos estes procedementos, porque o seu traballo era facer política e intentar mediar para que as Bandas tivesen a súa financiación.

Consideraba que a necesidade era urxente porque o traballo nas Bandas non estaba probablemente seguro. As bandas necesitaban ese remanente líquido que había no Concello de Lalín.

Pedi que os técnicos do Concello se puxesen ao tanto e agradeceu o informe de Intervención que lle parecía moi positivo. Puxo a moción das Bandas na súa man, a ver se era posible ou non era posible segundo o procedemento administrativo e interpelou á Interventora para que dixese se era posible facer este procedemento en tres meses.

Entreviú o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, para pedir ao Concelleiro no uso da palabra que non interpelase á funcionaria, e para dicir que el non quería tampouco contestarlle. Dixo lamentar o espectáculo que estaba dando o dito edil, sinalando que buscaba a expulsión do Pleno, pero indicándolle que non ía proceder a expulsalo a pesar de todo. Considerábase responsable de todo isto, tan triste para os cidadáns de Lalín, e dixu sentirse abatido, sendo culpa súa equivocarse ao confeccionar a súa lista electoral.

Interrompeu a intervención do Sr. Alcalde, **D. Juan José Cruz García** para preguntarlle ao Alcalde se estaba dicindo en Pleno que foi el quen confeccionou a lista electoral cando a súa lista era de listas abertas á cidadanía.

De seguido houbo un debate. O *Sr. Secretario* explicou que segundo o informe de Intervención, era necesario tramitar un expediente de crédito extraordinario, por empregar os remanentes de tesourería, algo que non viña na proposta e que sería previo, e logo modificar o Plan Estratéxico.

De novo o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio** adiantou que o seu grupo se ía abster na votación da moción. Indicou que a intención do grupo de goberno era aumentar as dotacións para os grupos musicais, pero agora resultaba moi dificultoso xustificar e apoiar a proposta.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

Xa que logo, por maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

As bandas de música constitúen dende antano un dos sinais de identidade de Galicia, pero especialmente de Lalín, estando o noso Concello entre os galegos con máis músicos proporcionalmente aos habitantes e con máis tradición de formacións musicais de música de banda.

Unha tradición musical e bandística que gañou aínda máis pulo nos últimos anos en Lalín con rexurdimento de formacións musicais que caerán no esquecemento do tempo e que volven a formar parte da nómina de bandas populares de Galicia.

Proxectos rexuvenecidos e en pleno auxe como os da Lira de Prado e Muimenta ao empuxe que experimentaron na última década as bandas de Lalín e Vilatuxe, conforman un panorama bandístico en Lalín de primeiro nivel, sendo o concello con máis bandas da comunidade, agás o caso excepcional de Vigo con escasa comparativa con Lalín dados os seus máis de 300.000 habitantes.

Proxectos reverdecidos e reimpulsados que permiten contar con espléndidas bandas de música coas que manter viva a nosa máis profunda tradición musical, pero tamén contar cunha importante canteira de novos músicos que darán continuidade ás nosas bandas, desenvolvendo ao tempo unha importante labor social e cultural formando as novas xeracións.

Ao traballo que levaron a cabo pola difusión musical as nosas bandas, engadiuse xa entrado o século XX e con continuidade no XXI o nacemento de agrupacións corais que permitiron incrementar e difundir outros estilos de músicos e dar a coñecer composicións e pezas que moito teñen que ver tamén ca nosa historia e ca música galega e de fora de Galicia. Agrupacións corais que reúnen a un importante grupo de veciños e que con esforzo conseguiron consolidarse.

Parece lóxico que un destes sinais de identidade do noso pobo e tamén a espléndida labor social e cultura que levan a cabo a través das distintas escolas de formación musical, teña que estar apoiada polo Concello para a súa supervivencia.

Tendo en conta que o Concello de Lalín vai distribuír 800.000 euros dos remanentes de 2015, é polo que entendo se debería contemplar que parte deses recursos se destinasen a potenciar as nosas catro bandas, as escolas de música e as corais mediante convenios específicos que redundasen na súa viabilidade, continuidade e apoio a súa labor.

Por todo o antedito, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

1.- Que por parte do Concello de Lalín se elaboren unhas bases para articular convenios ou calquera fórmula viable dende o punto de vista técnico-administrativo que permita distribuír con cargo aos remanentes de 2015 as seguintes cantidades:

Banda de Música Lira de Prado.....	10.000 euros
Banda de Música de Muimenta.....	12.000 euros
Banda de Música de Vilatuxe.....	14.000 euros
Banda de Música de Lalín.....	15.000 euros
Corais.....	5.000 euros
Escolas de Música.....	6.000 euros

Unha partida de 62.000 euros con cargo ao reparto dos citados remanentes.

2.- Que se elaboren antes de rematar o mes de setembro as bases para articular os convenios coas distintas formacións musicais e sexan aprobadas estas en sesión plenaria e non na Xunta de Goberno.

3.- Que as axudas, con cargos aos remanentes, que se abordan na presente moción sexan unha achega a maiores das que xa estaban contempladas para as distintas formacións musicais, como as que perciben por actuacións como os Concertos na rúa, concertos de Nadal, etc.

4.- Que a axudas que se propoñen en ningún caso leven aparellada a esixencia de actuación nas festas parroquiais ou patronais.

Finalmente o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, sinalou que este era un acordo nulo de pleno dereito polo que dixera o Señor Secretario. Criticou ao PP por estar disposto ao

que fixese falta, a pesar de que el tentaba negociar, cualificando como pequeno intento de golpe de Estado este acordo e vaticinou que aos autores isto lles sairía caro politicamente falando.

12.- MOCIÓN DO SR. CONCELLEIRO NON ADSCRITO SOLICITANDO AXUDAS ECONÓMICAS PARA A RECUPERACIÓN E REALIZACIÓN DA FOLIADA 2016.

A Presidencia deu conta da presente moción, presentada no rexistro de entrada municipal o día 31 de agosto de 2016 co número 7139. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, do día 5 de setembro de 2016.***

Defendeu a moción o edil non adscrito, ***D. Juan José Cruz García***, dicindo que traía a este Pleno un expediente que era unha base para unha subvención, a cal xa tiña pensado levala a cabo antes de tomar a decisión de pasar ao grupo non adscrito. Ante a retención de crédito existente neste momento no Concello de Lalín, pretendía demostrar, en especial á Concelleira de APAC que o criticaba con tanto ímpetu, que había formas de traballar polo ben do pobo de Lalín, no ocio, na cultura, no verán, e con menos de 30.000 euros como custou o concerto de Sés. Salióu o edil non adscrito que se lle deran a el 30.000 euros para calquera cousa, se el estivese nas negociacións, non viría ao Pleno con esta moción.

Para ***D. Juan José Cruz García***, dende Alcaldía intentáronse deter moitas das cousas que el intentou facer. Dixo que podía entender que era moi difícil levar o Goberno con catro grupos pero o que non podía era perder a súa honestidade coas cousas que cría que tiña que facer. Entón, visto polo Concelleiro non adscrito que era posible gastar os cartos noutros sitios, traía unha moción coa que coidaba que ía ser a primeira vez que o grupo de goberno a tiña que apoiar. En concreto, a moción pretendía tramitar unha subvención cunha memoria para pedir a recuperación do que fora a Foliada de Lalín. ***D. Juan José Cruz García*** defendeu que a mesma viña apoiada cun traballo de campo, tras reunirse con moitas empresas, e aportou varios presupostos, e varias programacións que tiña pensado levar cara adiante. Comparou a Foliada co Cocido Gay. Os presupostos outorgaríanlle un carácter simbólico a esta recuperación da Foliada, a cal pretendía facela interurbana.

Para o Concelleiro non adscrito, ***D. Juan José Cruz García***, ademais da retención de crédito que existía no Concello, podía pedirse unha cantidade á Xunta de Galicia, á Consellería de Educación, na que neste momento estaba ao fronte o noso veciño *Román Rodríguez*. Pediu o apoio do Goberno para evitar que non se lle fixese caso á súa solicitude por parte do PP e de *Román Rodríguez*. Solicitou a colaboración para tensar as cordas co PP e *Román Rodríguez*, e porque para el era importante dinamizar o ocio e a hostalería. Pediu que para conseguir esta subvención se implicase o Goberno de Lalín e demandase á Xunta esta máxima valoración do que sería este expediente.

Desculpouse con ***Dª Lara Rodríguez Peña*** polo ton que empregou e que foi probablemente elevado.

Consideraba que se podían optimizar moitísimo mellor os recursos pero valorou positivamente a decisión do Sr. Alcalde e felicítouno en Pleno polo curso de Graffiti, incluído no Programa Depo Ruarte, que se levou a cabo no campo de fútbol Manuel Anxo Cortizo.

Dirixiuse de novo á Concelleira delegada, ***Dª Lara Rodríguez Peña***, e convidouna a ver un

presuposto alternativo con catro cantautores do primeiro nivel firmado para catro datas en Lalín, por 2.960 euros.

Nesta primeira rolda, dende o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** debateu co Sr. Alcalde sobre os extremos da moción e indicou que a Foliada se iniciou co PP, cun goberno que contou coas persoas promotoras.

Por alusións o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, dixo que nesa organización estaban: él mesmo, *Nicolás, Montilla e Luís Iglesias*.

Seguiu a falar **D. Xosé Crespo Iglesias** para dicir que a Foliada foi unha aposta desde dentro do Concello e deixouse de facer cando as persoas promotoras abandonaron a idea. Estaban en desacordo coa moción e votarían en contra.

Desde o goberno municipal **D. Nicolás González Casares** precisou que a moción estaba fóra de toda lóxica e parecíalle unha usurpación das persoas que a promoveron e que crearon a Foliada inicialmente. Foi un traballo de moitas persoas que agora, sen máis, na moción non constaban, non figuraban, como se non tivesen nada que ver. Pedíulle a **D. Juan José Cruz García** que dimitise.

D. Juan José Cruz García contestoulle preguntando se estaba pedindo que dimitise.

D. Nicolás González Casares, díxolle que si.

“*Pois non*”, contestou **D. Juan José Cruz García**.

Sinalou **D. Nicolás González Casares** que a moción estaba fóra da realidade e por iso votarían en contra.

De novo **D. Rafael Cuíña Aparicio** interviu dicindo que non era verdade nada do que o PP lle botaba en cara e que a culpa foi toda súa.

Continuou co debate, **D. Juan José Cruz García** que destacou que o que escoitaba no Pleno era surrealista porque a Foliada non pertencía a ninguén e non era de titularidade privada dos primeiros promotores, como dicían no Pleno. Salientou que o ano pasado, con 2.800 euros se fixo o Bule Lalín, que tivo unha pequena repercusión. Criticou que se falase de política social mentres se metían 30.000 euros no concerto de Sés. Preguntou de que política social se estaba falando, porque el consideraba que era mellor pagar os impostos en Lalín ou dinamizar con poucos cartos a economía local. Consideraba feito o seu traballo ao presentar a proposta, sen deixar de buscar aínda outras mellores. Non vía problemas en ter buscados mesmo 50 presupostos, porque para el a política era poder escoller un presuposto e non outro.

Finalmente pediu que se apoiase a moción porque era interesante para o pobo de Lalín investir nisto a retención de crédito e dinamizar un pouco a hostalería.

Por parte do grupo de goberno, **D^a. Lara Rodríguez Peña** lembrou que unha persoa propúxolle isto pero, a pesar de que era cultura e era positiva a Foliada, a súa realización supuña uns gastos que agora mesmo non estaban previstos nos orzamentos. Aclarou que tiñan pedido axuda e lembrou que **D. Juan Cruz García** non presentou iniciativas, nin atendía ás chamadas.

Na moción pedíase:

1.- Que o Concello de Lalín (desde as concellerías que considere oportunas) organice o evento empregando a tal efecto a retención de crédito no seu momento realizada.

2.- Que se inste desde o Concello de Lalín á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a dar a máxima valoración económica nas citadas bases reguladoras convocadas na Orde do 26 de abril de 2016.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: vinte (20), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e dez (10) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por maioría dos membros do Pleno da Corporación, **REXEITOUSE** a moción.

13.- MOCIÓN POR URXENCIA DO SR. CONCELLEIRO NON ADSCRITO SOLICITANDO A SÚA CONVOCATORIA A TODOS OS ÓRGANOS COLEXIADOS, COMISIÓNS, XUNTANZA DE PORTAVOCES E REUNIÓN DE TRABALLO DOS GRUPOS POLÍTICOS QUE SE CONVOQUEN NO CONCELLO DE LALÍN.

A Presidencia deu conta da presente moción, presentada no rexistro de entrada municipal o día 8 de setembro de 2016 co número 7415. Moción por urxencia.

Defendeu a moción, **D. Juan José Cruz García**, dicindo que pediu por activa e por pasiva en redes sociais, en entrevistas, etc., que quería ser citado en tempo e forma a todas aquelas reunións que lle competan e por iso presentaba esta moción. Quería pedirlle ao Pleno de Lalín o apoio para solicitar que o introducisen en tódalas Comisións de Negociación ou de calquera tipo que se creen, no Padroado Cultural, en todos os máximos órganos que haxa, en calquera casa en definitiva. Pediu que se negociase con el porque consideraba que estaban negociando todos menos el. Chamou ao diálogo outra vez.

Neste punto o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, pediu que acreditase a urxencia da moción.

De novo **D. Juan José Cruz García**, defendeu a moción e considerou que a urxencia da mesma viña determinada polo feito de que el non podía estar exento das Comisións, xa que era a súa obriga e correspondíalle estar informado de todas as xestións, como Concelleiro. Quería que o pobo de Lalín o soubese.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un

(1) da APAC, un (1) do BNG e
Abstencións: ningunha.

Polo tanto, por MAIORÍA dos membros da Corporación **RATIFICOUSE A URXENCIA** da moción.

A continuación abriuse un debate entre o *Sr. Alcalde* e o voceiro do grupo popular, *D. Xosé Crespo Iglesias* polo apoio do PP ao edil non adscrito na votación da urxencia da moción.

Dende o PP, *D. Xosé Crespo Iglesias* consideraba que nesta moción o Sr. Concelleiro non adscrito pedía o que xa lle correspondía por lei.

O Sr. Alcalde, *D. Rafael Cuiña Aparicio*, preguntou entón se lle correspondía por lei que o grupo de goberno establecese unha negociación co PP e que o Concelleiro non adscrito tivese que asistir.

Respondeu *D. Xosé Crespo Iglesias* afirmando que iso non era o que lle correspondía senón o feito de que dun xeito o doutro se lle convocase. Defendeu o seu voto a favor da urxencia da moción. Coidaba que a urxencia se debía votar en tódalas mocións independentemente de que despois se acabase votando en contra ou non, porque deste xeito fomentábase o debate. Argumentou que a maioría das veces votouse a favor. Coidaba que o que pedía o concelleiro non adscrito na moción xa lle tocaba por lei, ao pedir que dun xeito inmediato se lle convocase a todos aqueles órganos colexiados que se celebrasen e que lle puidese corresponder participar neles por lei, e que se lle incorporase como representante da Corporación no Padroado Cultural. Sostivo que no Padroado Cultural cada grupo político tiña que ter un membro e que o concelleiro non adscrito tiña que estar nos órganos colexiados polas esixencias da propia Lei de Bases. Considerou que en tódolos órganos onde había representación, tiña que estar o edil non adscrito ao igual que os demais grupos; consideraba necesaria a súa presenza con independencia de que despois se escoitase ou non.

Puxo de manifesto que para negociar, había que partir da situación do Concello de Lalín hoxe, cunha situación nova, que desde logo o PP non provocou, pero que podía levar a que en moitas ocasións o grupo do PP non estivese de acordo co grupo de goberno, pero si puidese estar de acordo co concelleiro non adscrito e viceversa. O voto do edil non adscrito era decisivo porque inclinaba a balanza a un lado ou a outro, sendo a chave, e considerando positivo que el estivese no Pleno porque conlevaba que houbera que negociar.

Neste punto entrevistou o *Sr. Secretario* para sinalar que a moción foi presentada o mesmo día do Pleno pola mañá, media hora antes do Pleno. Consideraba necesario ver os Estatutos do Padroado Cultural que establecían un número máximo de membros e estudar a mesma porque seguramente había que recompoñer o Consello de Administración do Padroado.

Dirixíndose ao *Sr. Secretario*, *D. Xosé Crespo Iglesias* recordou que inicialmente no seu grupo eran dous representantes e quedaron cun só porque dende o goberno díxoselles que o Padroado ía estar tres ou catro meses; pero ano e medio despois aínda estaba o

Padroado en vigor.

Reiterou o *Sr. Secretario* que non tivo tempo de ver como estaban agora os Estatutos porque a moción era urxente e presentouna uns poucos minutos antes do Pleno, pero había un número máximo de membros do Pleno no Padroado Cultural.

Dende o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** matizou o dito polo *Señor Secretario*, porque consideraba que baixo o seu punto de vista debían estar por grupos no Consello de Administración do Padroado Cultural.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, propuxo pospoñer esta decisión en función dun informe de Secretaría ao respecto.

O *Sr. Secretario* puxo de manifesto que tiña que ver os Estatutos para comprobar o número máximo que había que cumprir.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, propuxo polo tanto, pospoñer a moción ao seguinte Pleno ata que o Secretario certificase se era posible o que nela se pedía.

Neste punto interviu **D. Juan José Cruz García**, pero o *Sr. Alcalde* retiroulle a palabra.

Pola súa banda, o voceiro do PP, **D. Xosé Crespo Iglesias**, puxo de manifesto que cambiando os estatutos do Padroado Cultural xa podería formar parte do Consello de Administración do Padroado o Concelleiro non adscrito.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, considerou necesario esperar a que o Sr. Secretario certificase.

Recriminoulle **D. Xosé Crespo Iglesias** ao Sr. Alcalde que no Padroado Cultural tiña a facultade de nomear de fóra deste Concello a tres ou catro persoas, e tamén porque non realizou un cambio nos estatutos. Preguntou porque non nomeaba en base a iso, ao Concelleiro non adscrito.

Matizou o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, que se era posible tecnicamente e correspondíalle, levaríase á práctica.

Sinalou **D. Xosé Crespo Iglesias** que el asistía ao Padroado Cultural e non era un gran coñecedor dos temas que alí se trataban, seguramente como o Sr. Alcalde, recoñecendo que ambos deixaban aos profesionais falar alí. Por este motivo, non entendía por que se lle impedía a posibilidade de acudir ao Padroado Cultural ao edil non adscrito.

Continuando co debate, o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, afirmou neste intre que o edil non adscrito era un tráfuga, e que polo tanto non se encontraba cómodo no Pleno. Consideraba que o goberno de Lalín, o que votou o pobo de Lalín, non estaba representado neste momento no Pleno nun sistema de listas pechadas e bloqueadas, e recriminoulle ao PP

que estivese utilizando este feito perversamente.

Por alusións, **D. Xosé Crespo Iglesias** respondeu que era certo que non estaba representado porque se fose así, o grupo de goberno non estaría gobernando.

Matizou o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, que lle estaba botando a culpa ao Concelleiro tráfuga de que neste momento no Pleno de Lalín non se estaba representando a vontade do pobo de Lalín nun sistema electoral pechado e bloqueado.

Interviu o edil non adscrito neste intre, **D. Juan José Cruz García** para preguntar se as listas de Compromiso por Galicia eran pechadas ou abertas.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, respondeulle que o edil descoñecía o sistema do partido no que militaba e do que foi expulsado; explicou que houbo un sistema de primarias para elixir o candidato e despois o candidato fixo a súa lista. Pedíulle que se informase ben polo menos antes de falar .

D. Xosé Crespo Iglesias e o Sr. Alcalde manifestaron estar de acordo en que o Sr. Secretario tería que facer un informe.

O Sr. Secretario contestou que tiña que ter tempo para facer o informe e que xa había cinco membros que tiña que elixir o Pleno do Padroado Cultural polo que se había cinco e se nomeaba un máis, serían seis membros. O Sr. Secretario consideraba que habería que quitar algún membro.

Insistiu **D. Xosé Crespo Iglesias** en que só había que cambiar os estatutos mediante un acordo plenario e preguntou: ¿ por que non se cambiaban?

D. Nicolás González Casares preguntoulle a **D. Xosé Crespo Iglesias** se estaba pedindo que se cambiasen os estatutos para que o tráfuga estivese no Padroado Cultural.

A isto **D. Xosé Crespo Iglesias** respondeu insistindo en que pedía que se cambiasen os estatutos porque o seu grupo, sendo dez concelleiros, contaba con dous membros no Padroado Cultural, e quitáronlles un, enganándoos e dicindo que o Padroado Cultural ía durar como o Rosario da Aurora.

Pasou a ter a palabra o concelleiro delegado, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** que salientou que inicialmente non ía falar, porque coidaba que este Pleno evidenciaba bastantes cousas. Consideraba innecesario o debate desta moción porque ao que tivese dereito íao ter e iso non era debatible. Criticou ao grupo do PP polo seu apoio ao concelleiro non adscrito neste punto, pero non apoiase outras cuestións coma o ENIL.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, referiuse ao Concelleiro non adscrito para dicirlle que a súa evidente falta de educación e falta de respecto democrático ao Pleno, evidenciaban que desde o punto de vista político, era unha persoa absolutamente prescindible

para o pobo de Lalín. Pediulle ao *Señor Secretario* que constase en acta que o Goberno de Lalín pedía un informe para ver se era posible que estivesen xuntos no Padroado Cultural o Señor Crespo e o Señor tráfuga, se era posible isto, entre outros.

Comezou a falar *D. Xosé Crespo Iglesias* pero o *Sr. Alcalde* díxolle que non tiña a palabra, ao que o primeiro respondeu con un ton pouco axeitado e o *Sr. Alcalde* así llo indicou, manifestándolle ademais que elo era o que pensaba o pobo de Lalín incluídos moitos votantes do PP.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

Co paso do concelleiro que subscribe a presente moción á condición de concelleiro non adscrito, a corporación municipal sufriu un importante cambio na súa configuración que obriga ao grupo de goberno, que conforman a oposición, algo que entendo importante e beneficioso para Lalín e que non se estaba dando polos personalismos existentes no grupo de goberno que impedían calquera tipo de diálogo dentro e fora do propio goberno como denunciéi nas últimas semanas.

Unha recuperación do diálogo nas decisións importantes para os veciños que entendo é positiva para os intereses de Lalín e dos Lalinenses e que polo momento sol afectou a un dos grupos da oposición, o Partido Popular, pero non ao concelleiro non adscrito, que formula a presente petición, que non foi convocado a ningunha das reunións celebradas para negociar o destino final dos remanentes do ano 2015.

Na actualidade o grupo de goberno non ten a maioría absoluta na que apoiarse para tomar as decisións importantes. Para elo ten que contar cos concelleiros que non estamos incluídos no goberno e abrir liñas de diálogo que semella.

Á vista das declaracións formuladas nos medios de comunicación nas últimas semanas, só abre cunha formación política, cando por responsabilidade e xestión democrática debería abrir coa totalidade de concelleiros que estamos na oposición.

Como concelleiro da corporación é a miña obriga e me corresponde estar informado de todas as xestións, negociacións, expedientes, e demais cuestións que se xestionan no Concello de Lalín e todo o que ten que ver ca actividade municipal. Información e documentación necesaria para desenvolver a miña labor como concelleiro que é, cando menos, tan importante como a que teñen encomendada concelleiros adscritos a formacións políticas que só obtiveron un representante nas pasadas eleccións municipais, como BNG e

APAC, e que dispoñen de todas as facilidades para acceder a ela. Por tanto,

Xa que logo, o Pleno da Corporación **ACORDOU**:

Que dun xeito inmediato se convoque ao concelleiro non adscrito a todos aqueles órganos colexiados que se celebren e que lle poden corresponder participar neles por lei, se lle incorpore como representante da corporación no Padroado Cultural, se lle inclúa en todas as comisións de negociación ou de calquera tipo que se creen e nas que se convide ás demais formacións políticas, se lle dea a mesma consideración e se lle convide en igualdade de condicións que a calquera dos representantes ou voceiros do resto das forzas políticas con representación ou voceiros do resto das forzas políticas con representación na corporación e se lle convide en igualdade de condicións que a calquera dos representantes ou voceiros do resto das forzas políticas con representación na corporación, nas que dúas de elas, APAC e BNG, teñen o mesmo número de concelleiros que suma o concelleiro non adscrito que asina.

14.- ROGOS E PREGUNTAS.-

D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA (Concelleiro non adscrito)

ROGOS

1.- ROGO.- Rogo que non se empreguen funcionarios ou persoas de confianza para repartir panfletos en contra da miña persoa.

*O Sr. **Alcalde-Presidente** quedou enterado.*

2.- ROGO.- Rogo que se teña en conta no uso dos fondos de remanentes os arranxos da parte superior do auditorio de Vilatuxe, na parte do escenario, polos riscos que pode acarrear.

*O Sr. **Alcalde-Presidente** quedou enterado.*

3.- ROGO.- Rogo ao Alcalde que non empregue a despedida do Pleno para falar sobre o Concelleiro non adscrito.

*O Sr. **Alcalde-Presidente** quedou enterado.*

4.- ROGO.- Rogo que atendan os carballos do Pazo de Liñares.

*O Sr. **Alcalde-Presidente** quedou enterado.*

5.- ROGO.- Rogo ao Goberno que volva visitar a pista que entra pola Veiga, pola parte de arriba da Igrexa.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

PREGUNTAS

1.- PREGUNTA Á CONCELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE.

¿Pedíuselle presuposto a algunha empresa de Lalín, ademais de á Señora Casalderrey?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

PP.-

D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY.

1.- PREGUNTA.- Nos pasados días coñecíamos a eliminación da liña entre Lalín e Melide da empresa Arriva que servía de enlace con esa vila e que era moi utilizada, especialmente por estudantes que ían cara á Coruña.

- ¿Tiñan constancia da eliminación desta liña de autobús?
- ¿Puxéronse en contacto dende outros Concellos afectados ou veciños con colectivos que eran usuarios habituais desta Liña con membros do Goberno para implicarse nalgunha medida para solucionar e repoñer a continuidade da Liña?
- ¿Teñen previsto tomar algunha medida para evitar a perda deste servizo deste autobús que era tan útil para moitas familias de Lalín?

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS

1.- ROGO.- Prégolle que reconsideren con respecto ao ENIL a proposta que fixo o Concelleiro do grupo Popular. O que trouxeron a Pleno do ENIL non é serio porque de acordo co Decreto da Xunta, nace morto se non hai consenso cos veciños que son os propietarios dos eidos. Pedímoslle á Concelleira ou a quen corresponda do Goberno, que convoque unha reunión cos propietarios e que convide aos distintos portavoces de tódolos grupos municipais e á Plataforma tamén, e aos técnicos que considere oportunos, para que non se ande malmetendo dicindo que os veciños non firman porque eu os convidei a que non firmaran, que é totalmente mentira.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

2.- ROGO.- Prégolle ao Goberno que non malmeta, porque cando lle van as cousas mal, quereas levar por camiño distinto e dedícanse a insidiar para tapar as súas vergoñas, con respecto ao Concelleiro non adscrito, dicindo que se eu comín con el en Chantada. *“Eu non comín con el en Chantada, pero se quero comer, eu podo comer con quen me dea a gana. Faltaría máis. E voulle dicir unha cousa: se para saír un punto adiante necesitamos do seu apoio, voulle pedir e, se non mo da, non mo da”.*

*O Sr. **Alcalde-Presidente** quedou enterado.*

3.- PREGUNTA.- O Concelleiro de Urbanismo, *D. Nicolás González Casares*, arrogouse para el e para o seu Goberno, o día 4 de setembro nos medios de comunicación, a xestión da rebaixa sobre a tributación das fincas da cuarta fase do Polígono Lalín 2000, dicindo textualmente que: “El Ayuntamiento de Lalín ha conseguido que la Dirección Xeral de Catastro de Pontevedra realice un procedemento de revisión simplificada de las parcelas afectadas para que sus propietarios paguen el IBI de acuerdo con la situación real de sus predios”. Afirmou que “se hizo justicia”, manifestando, ademais, el equipo de Goberno que “nin o mesmo Conselleiro, Román Rodríguez, ex edil de Urbanismo, foi capaz de solventar isto no seu momento”. Iso é o que dixo nos medios de comunicación. Por iso quero contextualizalo, e pregunto:

1º. ¿Coñece o Concelleiro de Urbanismo a normativa vixente para fixar a tributación das fincas que están na tributación da cuarta fase do Polígono Lalín 2000?.

*O Sr. **Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.*

2º. ¿A lei 13/2015 de 24 de xuño, de reforma da Lei Hipotecaria, non recolle xa por si mesma a rebaixa na tributación que se pretende arregar o Concelleiro?.

*O Sr. **Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.*

3º. ¿Que fixo o Goberno municipal para rebaixar a tributación destas fincas que non fose o que xa recolle per se a lei aprobada polo Partido Popular, e remitir un informe ao Catastro cos terreos que cumpren co recollido na Lei conforme ao Planeamento Urbanístico en vigor, para que se lles aplicase a rebaixa?.

*O Sr. **Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.*

4º. A reforma da Lei que permitiu a rebaixa das tributacións das citadas parcelas, aprobouse o 24 de xuño do 2015, e é efectiva dende o día seguinte. En agosto, Catastro remitiulles unha carta para que lles fixesen un relatorio dos terreos que se podían beneficiar destes descontos.

¿Por que se lle respondeu 7 meses despois?.

*O Sr. **Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.*

5º. ¿Pensa o concelleiro que eses descontos xa se lle podían ter aplicado no ano 2015 se o goberno tivese sido dilixente na tramitación desta relación de terreos?.

*O Sr. **Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.*

6º ¿É o goberno responsable de ter atrasado un ano a rebaixa de ata o 70% na

tributación?.

*O Sr. **Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.*

7º. ¿Pensa o goberno e o concelleiro reintegrarlles aos propietarios o pagado demais por ter adoptado o acordo de remisión da relación dos terreos a Catastro con sete meses de demora?.

*O Sr. **Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.*

8º. ¿Foi esta unha decisión política para evitar a rebaixa de ingresos como foi no seu día a subida do IBI ao 0,46 %?.

*O Sr. **Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.*

9º. ¿Pensan seguir enganando aos veciños con medias verdades no tema das tributacións?. Pide que se lle conteste por escrito.

*O Sr. **Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.*

ROGO.- Rogo que non se sitúe a Cogami nas oficinas dos Grupos Políticos.

*O Sr. **Alcalde-Presidente** quedou enterado.*

E, sendo as catorce horas e trinta e oito minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

O Alcalde.

Dou fe. O Secretario Xeral.

Rafael Cuíña Aparicio

César López Arribas

